!!CARNAVAL¡¡¡ !!CARNAVAL¡¡¡....

Os de Ares marchan ao descanso cunha vantaxe de 4 - 1. Póñense a careta e o disfrace e nunha segunda metade de vergoña botan por terra o partido. O Perlio con seriedade, oficio, traballo e esforzo deulles unha lección de pundonor, e de regalo déixolles unha "MANITA"

Prados Vellos 25 de febreiro de 2012.

ALINIACIONS:

NUMANCIA: Agustín (Roberto 40´), Andrés Saavedra (Miguel 40´), Alberto, Brais (José Manuel 54´), Miguelito, Novoa, Dario (Sergio 56´), Adrián, Marcelo, Iván e David.

PERLIO: Dani Pena, Yago (Cabana 29´), Deive, Lago (Adrián Gómez 40´), Manu, Miguel (Jose 52´), Diego Calvo (Porta 40´), Varela, Adrián Miño (Elías 56´), Rodri e Aaron.

COLEXIADO: David Sierra Pereira. Amoestou a Brais e Miguel polo Numancia e a Rodri polo Perlio.

GOLES: Varela, Rodri, Adrián Miño, Adrián Gómez e Aarón para o Perlío. Novoa, David, Darío e Iván para o Numancia.

1 – 0: Novoa (min. 2). Pase en longo de David hacia a entrada en diagonal de Novoa dende a banda esquerda. Novoa adéntrase no área e bate o meta visitante.
1 – 1: Varela (min. 11). Erro dos locais que permite ó Perlío entrar pola esquerda e poñer un pase dentro do área que aproveita Varela para batir a Agustiín.
2 – 1: David (min. 16). Balón en zona dereita de mediocampo que Marcelo pon el longo a entrada pola esquerda de David que encara a meta visitante e anota o tanto cruzando o balón na saída do porteiro.
3 – 1: Darío (min. 20). Saque de esquiña que saca Iván, erro no remate de Marcelo quedando o balón solto no área pequena que aproveita Darío para anotar.
4 – 1: Iván (min 37). Xogada persoal de Iván dende medio campo que chegando ó área

visitante marca axustado ó pau esquerdo donde o porteiro visitante non e quen de tapar de forma axeitada.

4 – 2: Rodri (min 44). Falta centrada perto do área que Rodrí pon lonxe o alcance de Roberto.

4 – 3: Adrián Miño (min 49). Roubo de balón perto do pico dereito do área con entrada ata a liña de fondo e centro ó área pequena para que Adrián Miño recurte distancias.

4 – 4: Adrián Gómez (min. 66). Saque de esquiña que Adrián Gómez remata con moita facilidade.

4 – 5: Aaron (min. 81). Erro no saque de unha falta en medio campo dos locais que permite ó Perlío poñer un balón ás costas da defensa local que Aarón aproveita para deixar o resultado final.

Primeiro tempo bo dos locais onde practicaron un bo xogo e controlaron o partido no medio campo e defensa xerando moitas ocasións de perigo que puideron facer aínda máis amplo o marcador.

Segundo tempo pésimo dos locais, o equipo veu abaixo, lentos, inseguros, imprecisos , sen ganas e deixaron que o Perlío con moita máis seriedade gañáselles terreo e que levase unha merecida vitoria de Prados Vellos.